



**Ampliación do prazo de solicitude da Resolución do 22 de xuño de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se convocan os premios educativos Innovagal para os centros docentes públicos da comunidade autónoma de Galicia durante o curso escolar 2022/23**

Amplíase o prazo para solicitar a participación nos premios de educación Innovagal ata o luns, 17 de outubro de 2022 .

**Nota aclaratoria:**

O apartado 5 da Resolución do 22 de xuño de 2022 pola que se convoca a participación dos centros docentes públicos para participar nos premios educativos Innovagal establece que na documentación presentada para a candidatura deberá constar a folla de autobarefacción do Anexo II correctamente cuberta.

O peso específico dos ítems de cada apartado será o seguinte:

Dende o curso 2016/17 ata o 2021/22:

- **Desenvolvemento de Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP): 2,33 puntos por cada ano de desenvolvemento do PFPP independentemente do número de modalidades** (ata 14 puntos).
- **Participación en programas e proxectos de innovación educativa desta consellería: 1 punto por cada convocatoria** na que se participe, independentemente do número de modalidades ou programas solicitados nesa mesma convocatoria (ata 10 puntos).
- **Premios de innovación educativa** de ámbito autonómico, nacional ou internacional convocados pola administración educativa correspondente: **0,5 puntos por cada premio** (ata 6 puntos).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A Directora de Ordenación e Innovación Educativa

Judith Fernández Novoa

